PACO FERREIRA GONZALEZ (1 para 2)
Alcalde Presidente de Gondomar
Data de Sinatura: 04/11/2025
HASH: f26297ef593f642e141da7c806b30e16

Jesús Cuadrado Oliver (2 para 2)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 04/11/2025
HASH: 8f14197bc14f6fa4ab39fda557ef4918

Resolución de Alcaldía

Expediente: 3303/2025

Asunto: Bases e convocatoria para a concesión de axudas e recoñecemento os/as pilotos e copilotos automobilismo, no exercicio 2025

RESOLUCION DA ALCALDÍA

Como xa ven sendo habitual nestas datas do ano, o Concello, a través das distintas áreas de gasto, Benestar Comunitario, Promoción cultural e Deportes, habilita unha vía para que as diferentes entidades de fin social, culturais e deportivas poidan recibir unha achega económica que lles axude no desenrolo das súas actividade.

Tendo en conta o sinalado na base de execución nº 28, de Réxime de subvencións, que literalmente dí:

"O réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello será o regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, de 13 de xuño, e, no seu caso, as disposicións que as desenvolvan, así como a Ordenanza Xeral de Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro do 2.004 (B.O.P. 7-10-2004).

Visto o informe da Intervención municipal de data 04 de novembro de 2025, e tendo en conta que, con carácter previo ó outorgamento de subvencións, o Concello deberá aproba-las Bases así como a correspondente convocatoria pública.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións, pola presente **RESOLVO**

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas e recoñecemento os/as pilotos e copilotos automobilismo, no exercicio 2025 por importe de 6.000,00 euros**,** co seguinte detalle:

Partida orzam.	Concepto	Nº RC	Importe

Cod. Validación: 7RLFSYDMQMLS2QZCJMRESHTAP
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

340/48000	Subvencións pilotos e copilotos automobilismo concorrencia competitiva	9570	6.000,00 €

Segundo.- Efectuar a convocatoria para a concesión de axudas e recoñecemento os/as pilotos e copilotos automobilismo, no exercicio 2025, co texto que figura no Anexo da presente Resolución

Terceiro.- Notificar a presente resolución ó departamento de deportes.

Cuarto.- Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e o extracto da convocatoria no BOPP.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

Cod. Validación: 7RLFSYDMQMLS2QZCJMRESHTAP
Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2